| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Datos Identificativos** | | | | | **2021/22** |
| **Asignatura (*)** | Proxectos de innovación e investigación educativa en língua e literatura galega e língua e literatur | | | **Código** | 652608E4I8 |
| **Titulación** | 6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| **Ciclo** | **Período** | **Curso** | **Tipo** | **Créditos** | |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 2 | |
| **Idioma** | CastelánGalego | | | | |
| **Modalidade docente** | Presencial | | | | |
| **Prerrequisitos** | | | | | |
| **Departamento** | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | | |
| **Coordinación** | Sobrino Freire, Iria | **Correo electrónico** | iria.sobrino@udc.es | | |
| **Profesorado** | Carballal Miñan, Patricia<br>Sobrino Freire, Iria | **Correo electrónico** | patricia.carballal@udc.es<br>iria.sobrino@udc.es | | |
| **Web** | | | | | |
| **Descrición xeral** | A materia constituirá un achegamento á metodoloxía de proxectos e unha iniciación ao desenvolvemento dos mesmos na área de Didáctica da Lingua e a Literatura. | | | | |

| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos<br>?Non se realizarán cambios.<br>2. Metodoloxías<br>Metodoloxías docentes que se manteñen:<br>-Mantéñense todas as metodoloxías.<br>Metodoloxías docentes que se modifican:<br>-Non se modifica ningunha metodoloxía.<br><br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:<br><br>? Correo electrónico: en horario lectivo. Pode empregarse para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.<br>? Moodle: en horario lectivo. Crearanse foros e tarefas para o intercambio de opinións do alumnado e para poñer en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. A través de presentacións e lecturas propostas explicaranse os contidos. Asimesmo achegarase bibliografía específica dos diferentes temas expostos en caso de que o estudantado non poda acceder a ela.<br>? Teams: cando se requira por parte dos/as alumnos/as, sempre no horario de titorías das profesoras ou no marco horario da materia.<br><br>4. Modificacións na avaliación:<br><br>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:<br>O cómputo de asistencia só se realizará respecto das sesións presenciais.<br>1. SITUACIÓNS:<br>A) Alumnado con dedicación completa:<br>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (70%).<br>b) Proba de ensaio (30%)<br>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br>a) Elaboración e presentación dos traballos en grupo (70%).<br>b) Proba de ensaio (30%)<br>C) Alumnado non presencial:<br>a) Proba de ensaio (máis extensa) (100)%<br><br>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:<br>a. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.<br>b. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación.<br>c. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.<br>4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.<br><br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía:<br>- Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle. |
|---|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A23 | Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A25 | Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| A26 | Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |

| | |
|---|---|
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer a noción de proxecto e o seu desenvolvemento histórico. | AP25<br>AP26 | | CM4<br>CM5<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |
| Coñecer algúns exemplos significativos do traballo por proxectos na ESO e no Bacharelato. | AP25<br>AP26 | | CM4<br>CM5<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |
| Coñecer e aplicar a metodoloxía de proxectos. | AP23<br>AP25 | | CM1<br>CM3<br>CM4<br>CM5<br>CM6<br>CM7<br>CM8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Concepto de proxecto educativo. | . |
| 2. Contextualización histórica. | . |
| 3. Algúns exemplos significativos de traballo por proxectos na ESO e no Bacharelato. | . |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba de ensaio | A25 A26 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | 1 | 3 | 4 |
| Análise de fontes documentais | A26 C1 C7 C8 | 2 | 8 | 10 |
| Aprendizaxe colaborativa | A23 A25 A26 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 3 | 6 | 9 |
| Estudo de casos | A25 A26 C1 C6 C8 | 2 | 2 | 4 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obradoiro | A23 A25 A26 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 2 | 6 | 8 |
| Traballos tutelados | A23 A25 A26 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 2 | 11 | 13 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba de ensaio | Proba consistente en dúas preguntas de certa amplitude, na que se valorarán os coñecementos adquiridos na materia, a capacidade de razoamento, a creatividade e o espírito crítico. Terá carácter individual. |
| Análise de fontes documentais | Utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Obradoiro | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. |
| Traballos tutelados | Realización de traballos titorizados |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Proba de ensaio<br>Análise de fontes documentais<br>Aprendizaxe colaborativa<br>Estudo de casos<br>Obradoiro<br>Traballos tutelados | Resolución de dúbidas e discusión dos métodos e materiais de traballo. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba de ensaio | A25 A26 C1 C4 C5 C6 C7 C8 | Proba consistente nunha reflexión sobre a metodoloxía do traballo por proxectos e a súa posta en práctica. Valoraranse os coñecementos adquiridos na materia, a capacidade de razoamento, a creatividade e o espírito crítico. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e a claridade expositiva. | 30 |
| Traballos tutelados | A23 A25 A26 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Realización dun proxecto educativo interdisciplinar en grupo. | 70 |

| Observacións avaliación |
|---|

| |
|---|
| Modalidades de avaliación<br>Estabelécense tres modalidades de avaliación:<br>1. Para as persoas que asistan regularmente ás aulas:Un traballo tutelado en grupo (70% da cualificación).Unha tarefa de reflexión individual (30% da cualificación).<br>O traballo colaborativo é fundamental nesta modalidade de avaliación, polo que se realizará un seguimento da asistencia do alumnado ás aulas.<br>2. Para o alumnado con dispensa académica:<br>Un traballo tutelado (70% da cualificación). Segundo os casos, valorarase a posibilidade de realizalo en grupo ou individualmente.Unha tarefa de reflexión individual (30% da cualificación).<br>3. Para as persoas sen dispensa académica que non asistan regularmente ás clases:<br>Unha proba de ensaio (100% da cualificación), que poderá ser diferente á que se propoña para a modalidade en que esta é só unha parte.<br>Para aprobar a materia será necesario superar todas as partes, en calquera das dúas oportunidades, polo que será necesario obter no mínimo o 50% da puntuación en cada unha delas. Na segunda oportunidade o alumnado só repetirá as partes suspensas e manterá a nota daquelas que fosen superadas.<br>Os traballos entregaranse telematicamente a través dunha Tarefa creada para tal fin no Campus Virtual da materia.<br>Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.<br>Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - (). .<br>Algás, P. et. alii (2010). Los proyectos de trabajo en el aula. Graó.Apple, M. W. e Beane, J. A. (2000). Escuelas democráticas. Morata.Arias Correa, A. et. alii (2009). O traballo por proxectos en Infantil, Primaria e Secundaria. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.Beane, J.A. (2005). La integración del currcículum. Morata.Fisher, R. (2013). Diálogo creativo: hablar para pensar en el aula. Morata.Kilpatrick, W. (2006). O método de projecto. Livraria Pretexto e Edições Pedago.Nemirovsky, M. (coord.) (2009). Experiencias escolares con la lectura y la escritura. Graó.Rudduck, J. (2007). Cómo mejorar tu centro escolar dando la voz al alumnado. Morata.Stenhouse, L. (2004). La investigación como base de la enseñanza. Morata. |
| **Bibliografía complementaria** | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar o respecto e a igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**